

ANO XVI • Nº 478

Do 18 ó 31 de marzo de 1996

Vintecinco pesos



IRIMIA

REVISTA
QUINCENAL
DE CRENTE
GALEGOS



Na busca da maioría perdida

O extremo centro ten a bóla

Pujol, enano, habla castellano, era un dos berros de guerra das hostes conservadoras (¿Ou deberemos dicir *equilibradas, moderadamente cambiantes*, ou quizais, *selectivas nos avances?*). Ese e outros insultantes lemas soaban nos días de campaña na mesma noite electoral. A conciencia triunfalista acadara un punto de embriaguez nunca visto, a mesma coa que se manifestaba o Álvarez Cascos de sempre na curta noite dos resultados, sumándose escanos fantasmais dunha maioría suficiente que só sobrevivía no seu discurso: os datos do reconto falaban xa de empate técnico do PSOE, de consolidación e incremento do nacionalismo, de irrupción do BNG, e ata de perda de escanos na reserva electoral galega.

Era todo proporcionado ó desproporcionado apoio recibido. O apoio imprescindible de certos medios de comunicación, o necesario da Banca, o lexitimador da Igrexa. Dos bispos recibiron todo tipo de respaldo: o prudente e comedido do secretario da Conferencia Elías Yanes -*satisfaime o sr. Aznar*- ata o groseiro de Gea Escolano -*Malia os que votan ós demais*.

Pero no electorado deste Estado que rexorde plurinacional hai unha sa resistencia á dereita. Non por dicir mil veces diante do espello e da cámara *Eu son de centro*, cambia un de natureza e de historia, de compañías, de padriños e valedores, de compañeiros de viaxe e, sobre todo, de bases militantes extremadamente centradas á dereita. Non debe ser casual que en Portugal pase algo semellante nesa resistencia: a memoria das ditaduras franquistas e salazarista aínda están vivas, mal que lles pese ós esconxuradores da Historia.

A pesar de todo, o PP parece disposto a gobernar como sexa. En maioría minoritaria ou en minoría maioritaria, con calquera socio que se preste. E para tal fin o partido prepara o *sacrificio* de tragarse tódolos insultos, tódalas arroutadas de nenos ben enfervorizados, tódolos alegres españoles despectivos. Por se acaso din que a propia Constitución xa recoñece que este é un Estado plurinacional, que aí non debe haber problema. Pero non din qué opinan eles de que a Constitución diga tal, que, por certo, non o di tan claro.

Quizais entramos na fase dos *nacionalismos periféricos*. Por primeira vez están presentes as tres chamadas nacionalidades históricas. Por primeira vez o reto da negociación é o recoñecemento do Estado plurinacional. Non hai maiorías claras de goberno sen os nacionalistas. E un debate parece chegar á súa madurez: o da estrutura federal do Estado.

O BNG chega nun momento oportuno. A súa audiencia esténdese ata ámbitos insospeitados: hai de todo neses 220.000 votos, un apoio que ten que ver coa vontade integradora e o esforzo de moderación e intelixencia. Que non rexurdan os vellos demos familiares.

A bóla está na bota de Aznar, aliñado de extremo centro, aínda que xoga de interior dereito e ten que pasala á súa esquerda. E ó público non lle gusta agardar demasiado.

O parecer non é querer nin é ser

Daniel López Muñoz

Hai poucas pontes tendidas entre a beira da crenza e da increnza. Non é o diálogo e o interese por causas comúns a prol da humanidade o que se leva. Ultimamente avanzouse paseniña e firmemente polo camiño da intolerancia, o prexuízo, a preguiza mental. A cultura oficialmente crente volveuse fundamentalista, pechada sobre si mesma, defensiva, nostálgica dos tempos onde todo o mundo era da casa. E desde a outra banda hai un tabú fronte ó relixioso, unha alerxia á fe, unha sorte de *superioridade* intelectual paralizante.

Un dos atrancos maiores é o da linguaxe. Os predicadores da nova *cruzada* seica o ignoran todo sobre o desgaste e a perversión das palabras. Seguen malla que te malla no persoal cos discos de sempre, co deus vello de sempre, envolveito nas filosofías enferruxadas de sempre, coas mesmas enfermizas obsesións morais, co mesmo imaxinario tremebundo, coa mesma idea de poder e dependencia de sempre.

Pero tamén hai luciñas

que abren camiños novos, posibilidades de encontro. O libro de Pepe Chao *Na fronteira do Misterio: Credo para xente non crédula* é unha desas luces. Abre derrota, roza na louza e na mala herba que atoa o camiño da auténtica tradición.

Pero non hai sol sen nubes, nin día sen noite. E ó libro puxéronlle unha portada que de seu parece posta para escorrentar ós dunha beira ó tempo que pode causar serios problemas de saúde coronaria a máis dun pío barra a lector barra a da beira contraria. ¿Que fai unha portada coma ti nun libro coma este? (E o Pai eterno disfrazado de Papa de Roma e rodeado de anxos cantores contestaría: Fago de barricada que couta o paso dos impíos; de dinamita contra as pontes tendidas no interior; de trampa infartante para beatas e mexapias que ousen intentalo).

Busque, compare, e se atopa un deseño mellor, cómpreo. E non deixe de levar papel de forrar ben opaco.




FEITO EN
PAPEL RECICLADO

EDITA: Empresa periodística A IRIMIA

DIRECTORA: Carmen Puente Fernández, 15705 C/ Pombal, 30 (Santiago Telf.: 585330). MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Muñoz, Xosé Chao Rego, Carmela Capeáns Leis, Mariano Guizán Sánchez, Luciano Pena Andrade, Manolo Regal Ledo, Beatriz García Turnes, Manoli Paz Baña, Pedro Pedrouzo Devesa, Carme Fernández García.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Xoé A. Miguélez, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tereixa Ledo, Colectivo "A Rella" (Antonio Fdez. Oca, Eliseo Miguélez, Constantino Mariño, Tonecho Meixide Fdez.) Juan Antonio Pinto Antón, Francisco Carballo, Tintxu, Miguel Anxo Araújo, Xavier R. Madriñán, Lois Ferradás, Madó Domínguez, Xesús Ferro Ruibal, Moisés Lozano Paz, Clodio González Pérez, Manolo R. Bermejo.

SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN: Apdo. 980 - Santiago de Compostela Telf.: 981 - 59 01 42 (De 3 a 5). Subscrición Ordinaria: 2.000 pts. Real: 3.000 pts. De Apoio: 5.000 pts.

CONTA: Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana nº 8 - Santiago Caixa Postal CC/1302-6000-83-0017905488

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81

IMPRIME: Graficolor MINERVA

Cousas da Coresma

Silvia (filla): Mamá, a avoa díxome o outro día que me había explicar cousas da Coresma e aínda non mas explicou; non estará de xenio.

Avelina (nai): ¿Ti recordáchesllo? Ó mellor non se lembra; xa sabes que cos anos vanse os acordos. Pero ¿que era o que che tiña que explicar? Se cadra, doucho explicado eu.

Silvia: Falábame de non sei que de non comer carne, da garda-lo xaxún, de anda-lo Viacrucis, de cumpri-lo Preceuto e de non sei que máis.

Avelina: O do xaxún xa o sabes; ¿non lembras cando o outro día fixemos menos comida para comer menos e aforrar e darlles ós necesitados os cartos aforrados? Pois o xaxún da Coresma é algo así.

Silvia: Ah, pois iso si que foi ben bonito; a min gustoume moito que o fixeramos.

Avelina: A min tamén, neniña, e ó papá tamén, por iso o fixemos e por iso o estamos facendo tamén durante a Coresma; sénte-lo que a xente sente cando pasa fame, e mais axúdalos cos teus aforros.

Silvia: ¿E que é iso de anda-lo Viacrucis?

Avelina: Anda-lo Viacrucis era un rezo que se facía na igrexa. Xuntábanse os veciños e ían pensando en cada un dos momentos da Paixón de Xesús. ¿Non te lembras de veres uns cadros ó redor da igrexa? Pois eran para iso.

Silvia: Mamá, ¿que é iso da paixón de Xesús?

Avelina: Pois o que Xesús padeceu por se poñer do lado dos pobres e pecadores.

Silvia: Oh, ¿e pegáronlle por iso?

Avelina: Pegaron, e mais matárono.

Silvia: ¿E xa non se anda agora o Viacrucis?

Avelina: Tanto coma antes non; ou, se queres, ándase tanto ou máis ca antes, pero doutro xeito.

Silvia: Non te entendo, mamá.

Avelina: ¿Non me entendes? Mira, antes facíase o Viacrucis pensando nos sufrimentos pasados de Xesús; a xente poñíase dolorida e arrependida por iso. Pero agora faise o Viacrucis pensando na xente que hoxe sofre e padece, e dispoñéndose a os axudar mellor. Porque Xesús está nos que hoxe sofren e padecen.

Silvia: Non te entendo, mamá. ¿Como é que Xesús está nos que sofren e padecen?

Avelina: Ben, é unha cousa moi bonita que temos os cristiáns. Xesús ten os sentimentos de Deus, é coma Deus. E a Deus sempre lle doeron moito os máis pobres, porque el quere que tódolos seus fillos poidan levar unha vida digna e feliz. E ás veces os que padecen moito non a levan. Por iso Deus está coma metido na vida deles máis ca en ningún outro sitio. Os sufrimentos dos pequenos son os sufrimentos de Xesús.

Silvia: Daquela ¿vale tanto rezarlle a un pobre coma rezarlle a Xesús?

Avelina: Pois non reparara niso, filliña, pero valerá, valerá.

Tarefa simple e seria

Domingo 4 de Coresma

Xn 9, 1-41 – 17 de marzo
Ser cristián é darlle fe a Xesús é dicir fiarnos del á hora de construír a nosa persoa e as relacións cos demais, á hora de intentar ter trato con Deus. Para isto podemos ler co corazón moi aberto as páxinas do Evanxeo, e, ó mesmo tempo, as páxinas da vida de cada día. Este é un traballo simple e serio ó mesmo tempo. Non chega con estar bautizado, nin con ir á Misa os domingos. A todos nos pode pasar coma ós fariseos do Evanxeo: as nosas seguridades pódennos traizoar.

* * *

Mortos que resucitan

Domingo 5 de Coresma

Xn 11, 1-45 -- 24 de marzo
Xesús invítanos a crer no imposible: o que está sepultado na morte máis redonda pode acadar de novo vida. Esta esperanza, baseada no espírito forte de Xesús, alimenta as nosas pequenas loitas de cada día. Un morto resucitado cando unha persoa, desfeita polo que sexa, volve a soñar na súa felicidade; cando un pobo pequeno coma o galego pode gozar de verse respectado; cando os humillados do Terceiro Mundo erguen a súa voz e fan oír os seus dereitos no medio dunha sociedade satisfeita e soberbia.

GALLAECIA FVLGET


V CENTENARIO
DA UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA
[1495 - 1995]

A EXPOSICIÓN «MULLER E UNIVERSIDADE» pode visitarse no Colexio Fonseca de Santiago. É unha homenaxe ás mulleres que accederon por primeira vez á Universidade de Santiago e que foron as irmás Jimena e Elisa de la Vega que naceron en Vegadeo (1875) e estudaron Medicina. O camiño da muller ata a Universidade foi moi duro e poden verse as reivindicacións de Emilia Pardo Bazán, Concepción Arenal, Sofía Casanova, etc, por unha educación en tódolos niveis para a muller. A mostra vai estar aberta ata o dez de abril.



O CAMIÑO DE EUROPA VOLVE A PASAR POR COMPOSTELA, agora no fútbol, a pesar do seu feble presuposto e da mastodóntica «Liga dos 22» que veu moi ben para despistar ou adormecer como unha droga ós millóns de espectadores, televidentes, radiooíntes e xente extasiada os domingos, sábados, mércores, vésperas e días despois; ou sexa, toda a semana. Toda a nebulosa que xira arredor do fútbol está a ser un escape para moita xente acosada polos problemas de cada día. Aínda que en Compostela o éxito do seu equipo está a vivirse doutro xeito, pois o seu adestrador axuda a non perder terra. Na fotografía Fernando Vázquez.

UN GOBERNO hipotecado polos acordos de Maastricht é o que vai toma-las iniciativas deste país cando tome posesión non antes de dous meses. Non só ten que decidir se mantén ou non os Presupostos prorrogados do noventa e seis, ten que amaña-los do ano seguinte en menos de seis meses e só conta con ano e medio para cumprir coas graves condicións da UE para acceder á moeda única. Nos presupostos do noventa e sete ten que reduci-lo déficit nun billón de pesetas para acadar o 3 por cento do PIB que esixe Maastricht, e para todo isto hai que recadar máis e gastar menos. Na gráfica a débeda do Estado.



MUNDO NEGRO E AGUILUCHOS

son dúas publicacións que nos axudaron a coñecer a afastada África dende hai moitas décadas dun xeito xeneroso e científico. Pero a orixe desta iniciativa hai que busca nun nome que nestes días o Papa Xoán Paulo recoñece e que vén sendo celebrado como santo polos pobos do Terceiro Mundo desde hai un século: Daniel Comboni, o fundador dos Misioneiros Combonianos que teñen un Centro de Animación Misioneira en Compostela (Rúa Rosario 17. Tfno. 580652).



Encontros na Pascua

IRIMIA

Na semana Santa Irimia convoca de novo a uns días de encontro, para o retiro, a convivencia e a celebración da pascua: desde o mércores á tarde, ó domingo despois do xantar.

Este ano xuntámonos en Touro, na rectoral.

O encontro, coma sempre, é aberto, en réxime de autoxestión e reparto de cargas. Valen tódalas idades. Pódense levar nenos.

No programa hai momentos de reflexión en grupo, oración persoal, celebración, festa.

A animación do retiro correrá a cargo de X. Antón Miguélez Díaz.

Hai que anotarse antes do domingo 24 de marzo.

Para inscrición e información: 981-105444 (Jesús, pola mañá)

982-168943 (Tereixa polas noites).





GAÑARON OS NACIONALISTAS que van ser os que marquen os pasos a dar por Aznar, sobre todo Pujol e Arzallus. O PP ten as mans atadas, por iso o PP de Galicia viu caer por terra as súas promesas de recibi-lo ouro e o mouro do Goberno de Madrid. Catalunya e Euskadi teñen preferencia a pesar de votar anti-PP. Este partido ten que revisar á alza o seu modelo de Estado. Xa non valen as teorías de Aznar e Fraga de «café para todos», desprezando as nacionalidades históricas, xa que son estas as que a partir de agora van ter unha voz máis forte; sobre todo Galicia, con voz propia gracias ós deputados do BNG, Francisco Rodríguez que aparece na fotografía e Guillermo Vázquez. No horizonte albíscanse novas eleccións xerais ou un goberno progresista no que pode botar unha man o senador polo PSOE, Carlos Príncipe, que xa gobernou cos nacionalistas en Vigo.

rencia a pesar de votar anti-PP. Este partido ten que revisar á alza o seu modelo de Estado. Xa non valen as teorías de Aznar e Fraga de «café para todos», desprezando as nacionalidades históricas, xa que son estas as que a partir de agora van ter unha voz máis forte; sobre todo Galicia, con voz propia gracias ós deputados do BNG, Francisco Rodríguez que aparece na fotografía e Guillermo Vázquez. No horizonte albíscanse novas eleccións xerais ou un goberno progresista no que pode botar unha man o senador polo PSOE, Carlos Príncipe, que xa gobernou cos nacionalistas en Vigo.



A RECICLAXE DAS BATERÍAS e de acumuladores é unha obriga para todos, polo que os concellos teñen que instalar colectores para a súa recolleita e informar sobre a súa perigosidade. Mentres tanto hai que reduci-la cantidade de materiais contaminantes ata a súa eliminación. Só unha pila desas de botón pode chegar a contaminar a auga que beben catro individuos na súa vida.



MÁIS DE OITENTA PALANGREIROS, case todos con base en Ribeira, comezan nestes días un paro biolóxico

de dous meses nos caladoiros do Sáhara, mentras tres deles partiron para Brasil nunha experiencia de pesca de peixe espada apoiados pola Consellería de Pesca. Algúns pesqueiros da frota de arrastre da Guarda volveron ás costas de Marrocos despois do respectivo paro, pero con reducións de capturas moi fortes: chegan ó corenta por cento nos cefalópodos, aínda que medren as do mero negro e do cerco.

O SALMÓN volve a estar presente nas teimas e soños de moitos pescadores que nestes días se encamiñan ás ribeiras dos nosos ríos. Pero é nas bateas e nas gaiolas instaladas na costa onde están a multiplicarse estes peixes. O problema máis forte é a falla de crías, e aínda



que as nosas costas son favorables ó seu crecemento, antes teñen que pasar polos ríos. Na actualidade hai nove granxas de salmón, oito na costa e unha en terra que están a producir máis de mil toneladas de salmón ó ano.

AS XORNADAS DE EDUCACIÓN PARA A PAZ organizadas pola Nova Escola Galega van ter lugar do vintedous ó vinteseite deste mes na Aula de Cultura da Caixa de Ourense. Estarán adicadas ás experiencias de renovación pedagóxica de Freinet en Galicia e Portugal, incidindo en actuacións como as de Chavós entre os xitanos do Ferrol e Santiago ou das escolas de Campobecerros.



O GRANITO sempre deu sona a Galicia a través dos seus monumentos, e que foi levado para construír Centros Galegos como o da Habana, e agora está a rematar as agullas da



Sagrada Familia de Barcelona. É outro dos sectores da nosa produción que esixe unha comercialización e elaboracións propias para non ser vítimas das multinacionais. Neste intre están a exportarse seiscentas mil toneladas en bruto e só trinta e cinco mil elaboradas. Os sesenta mil millóns de facturación podían multiplicarse por oito se aquí se montasen máis fábricas transformadoras da pedra. Na actualidade son pouco máis de seis mil os empregados.

¿Con quen están os cregos?

Francisco Lorenzo Mariño

A parroquia, sobre todo en vilas e no ambiente rural, non só é unha entidade relixiosa, senón tamén unha entidade política, económica e social.

Nas dictaduras, a xente ten que apeitar coas autoridades que lles impoñan. Nas parroquias, coa «autoridade» relixiosa pasa outro tanto. Iso explica o enfrontamento que en moitos sitios se está a dar entre crego e pobo con resultados moi negativos.

Na fermación espiritual e pastoral recibida, o crego era un «segregatus» que non podía dar confianza ó pobo nin encariñarse moito con el. O «segregatus» tiña que se-lo dispensador dos favores divinos sen caer no populismo; de aí o consello de non botar máis de cinco anos na parroquia porque o cariño á xente podería vicia-las relacións crego-pobo. Isto é, romper coa xente que te quere e que ti queres.

Un crego ten que selo para todos sen deixarse mangonear por variados grupos de beatos ou mexapiás, pois ese cura provocaría o seu illamento sen remisión.

Aquela «segregatio» explica o exceso de pastoral funeraria xa que así o clero fai coma un gheto no que se sente a gusto, así como as longas veladas de tresillo, tute ou xulepe, ben sexa entre os mesmos curas ou cos que son a elite dos pobos: boticario, médico, mestre, tenente da Garda Civil...

Todo o exposto tamén aclararía un xeito de culto que a xente non entende, ou unhas homilías que só condenan ó pobo e que nos falan de algo que estaría ben unicamente para anxiños, divorciada da vida real e da problemática dos fieis.

Eu penso que moitas veces non se escoita ó pobo e así o cura carece da teoloxía popular e non conecta cos signos dos tempos, algo tan fundamental, se queremos que o Evanxeo popular, tan popular, de Xesús poida ser captado polo pobo fiel.

O crego sae do pobo, está no pobo e para o pobo. Polo mesmo non se pode segregarse xa que iso sería traizoalo.

A nova maioría

Dez millóns de votantes dicían hai un mes que darían o seu voto ó PP, mentres oito se manifestaban polos socialistas. Pero ó longo da campaña medio millón de votantes respondeu ás consignas do PSOE e colleulle medo á dereita, mentres outros tantos fuxiron do que viron no PP: arrogancia na victoria, insultos ós malditos nacionalistas (incluídos, desde logo, CiU e PNV), bandeiras preconstitucionais, Julio Iglesias («o embaixador xacobeo») e algúns outros símbolos máis que non casan coas imaxes de modernidade e de «gaña-lo centro» que se proclamaban. Por iso á hora da verdade a diferenza de votos quedou en pouco máis de 300.000.

Xa apuntabamos hai unhas cantas semanas que era moi difícil gañar unhas eleccións sen imponse nas tres comunidades que elixen máis deputados: Andalucía, Cataluña e Madrid. Pois ben, o PP triunfou amplamente na capital, pero non progresou nada en Cataluña, onde está a única provincia, Girona, na que non acadou ningún deputado (de seguro que agora se consagra o alcume de Trías de «Res», que algúns malévolos lle deran ó ex dirixente de CiU pasado ó PP). En Andalucía tampouco tivo precisamente un resultado moi brillante, igual ca en Euskadi.

Todo iso son razóns da victoria pírrica do PP, que agora ten que negociar con aqueles mesmos ante os que acusaba ó PSOE de rebaixarse e mesmo de vende-los intereses supremos de España. E ten que negociar en condicións máis difíciles: eles non dispoñen, nin sequera como recurso literario, doutro posible aliado (o PSOE sempre podía ameazar con negociar con IU).

As razóns da doce derrota socialista son, en boa parte, as citadas ó principio para explica-lo fracaso das expectativas do PP: o medo á maioría «suficiente» (xa non digamos absoluta) deste grupo, sentimento fomentado polo PSOE, pero tamén polo propio PP. Hai que recoñecer que os socialistas souberon face-la campaña.

En Galicia había pouca marxe para a sorpresa. Confirmada a firme intención de voto nacionalista, concentrada esta vez nunha soa lista, o BNG sobe un 50% o seu peso relativo, por máis que quede a 50.000 votos do seu máximo das autonómicas. A meirande participación electoral fai que tamén o PP obteña o seu máximo de votos (baixando algo en porcentaxe sobre as autonómicas e perdendo un escano pola citada unidade do voto nacionalista). Os socialistas mantéñense no seu mellor nivel, o das xerais do 93, por máis que na Coruña perdan un deputado, por igual razón có PP en Pontevedra, mentres en Lugo se suprimía un escano.

E ¿agora?: a negociar sen desmaio, se os militantes de base e mailos comentaristas de prensa e radio (ABC, «El Mundo», a COPE) lle permiten a Aznar o que proclama, «gaña-lo centro», sen insultar ou ofender á periferia. Neste diálogo xógase moito Galicia, que non vai ser precisamente privilexiada como prometían.



Por Tintxu

O imperialismo americano e Cuba

A punto de remata-lo mes de febreiro pasado o goberno cubano ordenou derrubar dúas avionetas, que entendía que voaban dentro do seu territorio. As versións do goberno de EEUU apuntaban a unha provocación, dado que consideraban que as mencionadas avionetas se atopaban neses momentos en «territorio internacional». Este incidente serviu para que EEUU reactivase de maneira esaxerada o bloqueo, que desde hai moito tempo vén implantando sobre Cuba, con nefastas consecuencias para os habitantes desta illa do Caribe.

«Salvar balseiros»...

A historia deste acontecemento hai que contextualizala no ano 1991, cando un grupo de exiliados cubanos constituíron a organización «Hermandades al rescate», da que forman parte varias dúzias de pilotos, que se propuxeron como obxectivo o de patrulla-lo espacio aéreo sobre o estreito de Florida, para axudar ós balseiros que abandonaban a illa de Cuba. Reuniron unha pequena flota de cinco avionetas concentradas no aeroporto de Opa-Locka, preto de Miami. Na actualidade, con medios ó seu alcance, pero sen balseiros ós que axudar, debido ós acordos de inmigración entre os gobernos norteamericano e cubano, adicáronse a accións máis espectaculares coma as de «bombardear» con panfletos a capital cubana e deixar caer ramos de flores sobre os gardacostas cubanos. Cuba queixouse en varias ocasións ante o goberno USA dos riscos da violación do espacio aéreo, sen éxito. Finalmente cumpriu a ameaza e derrubou cun mísil as avionetas.

O novo imperialismo norteamericano

EEUU parece empeñado non só en manter a hipotéticos inimigos, senón que mesmo se adica a inventalos en

Europa, en Asia e alí onde consideran que os seus intereses estratéxicos e económicos deban prevalecer. Para esta finalidade utilizan tódolos medios



posibles, cunha tendencia a buscar explicacións complicadas a problemas sinxelos. Os intereses económicos prevalecen sobre os aspectos humanistas.

O goberno de EEUU acaba de aprobar a chamada «Lei Helms-Burton», para reforzar o embargo a que está sometido Cuba e mesmo esixirillo ó resto dos países. A UE e Canadá fixeron xestións previas para que se suavizasén as medidas, sen éxito. Agora consideran que a lei mencionada contravén o dereito internacional e reaccionaron fortemente ante a medida do goberno americano, non tanto por razóns humanitarias como sería de desexar, senón polos fortes intereses económicos, que teñen algúns países na illa. Así Canadá é o primeiro inversor estranxeiro en Cuba. Empresarios galegos e españois tamén teñen alí diversos intereses económicos.

Os efectos son nocivos para os xa pobres habitantes da illa e o novo bloqueo fai que as necesarias reformas democráticas en Cuba se retrasen de maneira indefinida. Mentres moitos cubanos seguen a pasar fame e a non ter unha mínima calidade de vida. O imperialismo norteamericano só parece interesarlle manter a «inimigos potenciais» para así seguir a xustificalos grandes gastos armamentísticos, en

función dos que montan tódalas estratexias posibles. Calquera detalle, por mínimo que pareza, é unha boa oportunidade para xustificalo inxustificable. Os aspectos humanos non se contemplan.

¿E a ONU que pinta?

Os países máis poderosos do Planeta parecen empeñados en utiliza-las Institucións ó seu antollo. O desinterese pola ONU maniféstase, sobre todo, no incumprimento dos pagos. Dos 185 membros, só 30, entre eles España, pagaron a taxa que lles correspondía ata a actualidade. EEUU, que é o principal contribuínte da ONU, debe máis

de 1.200 millóns de dólares. Por outra parte, Rusia e China, que tamén son membros con dereito de veto, só teñen interese na ONU para evitar que esta se meta nos seus problemas internos. As súas resolucións están determinadas polos países máis poderosos.

Ante este panorama cabe pensar unha vez máis que é preciso clamar por unha xustiza social, loitar polos dereitos das persoas máis desfavorecidas, polo funcionamento democrático das institucións internacionais, por unha mellor distribución da riqueza. Non cabe dúbida que o mellor sistema de organización política é o da democracia, pero esta, como as leis, as normas, está sometida ós intereses cegos do diñeiro e do poder político e económico. Xunto a xustiza é necesario apostar polas actitudes solidarias e non egoístas nos comportamentos dos nosos políticos e gobernantes. Cuba merece todo o noso apoio, non só porque moitos galegos teñen ou tiveron algún familiar en Cuba, senón sobre todo porque como seres humanos teñen dereito a unha vida digna e a que os dereitos humanos máis elementais do xénero humano tamén neste país sexan respectados.

Moisés Lozano Paz.

Para Alfonso: discurso a moitas voces

Alfonso Blanco Torrado foi homenaxeado o pasado día 9 nas cercanías da Coruña pola Asociación Moncho Valcarce, que trata de manter viva a memoria do crego

Fillo da emigración americana, Alfonso nace na parte da Galicia de alén mar. As súas raíces están, sen embargo, ben afundidas nas terras bravas do Anllóns -de Pondal debeu herda-lo amor á Terra¹-, pois Ponteceso será o seu lugar de crianza, a súa particular denominación de orixe, coma *pino rumoroso, de escuro arume harpado, traído de terras pondalianas, dos piñeirais de Tellá, ...levado ó interior e plantado con boa terra e boa veciñanza*.²

Todo un líder

Entrou a facer estudos no Seminario de Santiago. Xa mozo comeza a significarse coma un líder nato e entrañable compañeiro, coas características que irán madurecendo ó longo da súa vida. -Menos mal que ó me introducir pola Porta de San Pedro estaba un seminarista con dous anos de veteranía que me dedicou unha mirada aberta e un sorriso cómplice. Era Alfonso. Co tempo experimentei agradecido que aquel sorriso significaba entrega xenerosa na busca da autenticidade³-. Corrían os anos sesenta.

Alfonso non é ben visto polas autoridades eclesiásticas do Centro. O conflito agudízase e é expulsado. Sen embargo proseguirá os seus estudos eclesiásticos en Salamanca ata os rematar. De novo alí volve a aparecer a súa capacidade de liderado coma delegado de curso. Cando pretende reintegrarse coma crego a Galicia atópase co portazo que lle dá don Angel Suquía: non o quere na súa diocese natural.

Sen embargo Alfonso xa estivera en contacto coa diocese de Mondoñedo Ferrol -Que razón tiña o monseñor Araújo cando me dicía que lle mandase

das Encrobas. Alfonso recibiu un premio simbólico polo seu labor de promoción no mundo rural galego. Xuntámonos á festa arredor del, agora que precisa alento e compañía.

outro seminarista coma Alfonso Blanco Torrado, que estaba aínda na Universidade de Salamanca... Pero non era fácil atopar outro igual... tan sincero no seu amor a Deus e na súa entrega ós demais tan espiritual e tan humano, tan esixente consigo mesmo e tan compresivo cos demais...⁴- E por iso, rematados os estudos demanda a incardinación diocesana do bispo de Mondoñedo-Ferrol, que por fin o destina a Guitiriz.



Alfonso Blanco Torrado.

Enriba, un xugo, ese do que fala Xesús no Evanxeo.

Tres en un

Alfonso aparecerá axiña sinalado por tres características que definirán a súa personalidade de crego galego:

- O seu vencellamento coa realidade social antropolóxica de Galicia, singularmente da Galicia rural: ó social, ó cultural, ó relixioso. Un vencellamento coa realidade que o é con

persoas concretas, cun pobo concreto, en longas e traballadas amizades, que chega mesmo ata aquelas persoas que nun principio receaban do seu estilo de traballo coma crego. Moitos destes receos tipicamente vilegos, proviñan do feito elemental e natural da súa opción polo galego coma lingua de uso normal, única na práctica litúrxica e na vida cotiá. Ou proviñan doutras opcións, proféticas pola súa sinxeleza desenmascaradora, como a opción pola gratuidade nos servizos relixiosos e na vida enteira; e, en xeral polo seu arredarse das vellas formas, asoballantes e desleigadas, de ser crego en Galicia.

- Esta maneira de estar, de ser e de facer pobo -os-do-pobo, chámamos, os-do-pobo, aquí nunca se usara esa palabra dicíanos Alfonso aló hai máis de dez anos-, ese estilo madurece e cristaliza na creación da Asociación Xermolos, berce dunha recuperación cultural de toda a comarca, pero que se abriu a Galicia enteira. Xermolos, todo Xermolos con Alfonso no centro ou por atrás, sen figurar, retomando o vello estilo dos que pasan silandeiros,⁵ converteuse nun reclamo de cultura, de arte, de festa, que se foi espallando por toda Galicia adiante, mesmo rebordando a outros países do Estado Español, de Portugal, Francia, Gran Bretaña...

¹ Torres Queiruga, A.

² López Gómez, Felipe-Senén.

³ Suárez Abel, Miguel.

⁴ Espiña Gamallo, Manuel.

⁵ Iglesias, Baldomero (Mero)

pobo, para facer pobo

(Escritas foron para ti as sentencias do vello Lao-Tsé no Tao-Te-King: «Destaca Alfonso porque non se exhibe

non te perda de si por iso brilla, merece honores porque non se enxalza, posúe mando porque non se impón».

En ti xermola o Espírito que crea,

presencia no baleiro, e beleza

na materia, e feira e festa da música

e da arte, e asociación sostida

co milagre da fe e da esperanza.

Xermola en ti o Espírito divino

que vai termando e dando canle á vida:

gracias amigo e gracias ó Bo Deus)⁶

- Pero non se pode ser crego así impunemente, neste intre de tebra vaticana e insá obsesión preservativa.

E, coma ó seu mestre, os letrados e sumos sacerdotes quixeron botarlle man naquel mesmo momento; e só os detivo o medo que tiñan á xente.⁷ Desde o principio, xa co vello crego de Guitiriz, Alfonso convértese, para algúns, os de sempre, nun crego maldito. Sendo por cargo coadxutor de Guitiriz, ademais de párroco de varias parroquias do contorno rural, estáballe vedada a participación eclesial na Vila.

Nunca «pisou» Guitiriz

Cambiou algo a cousa coa morte do vello párroco e a chegada de don Ramón. Pero a marcha deste abre unha nova vaga de represión eclesiástica contra Alfonso. O ilustre bispo Gea

Escolano destitúeo de coadxutor e só o pavor ó escándalo público, evita que o larguen pola brava lonxe da zona. Poñen de párroco de Guitiriz a un crego veciño, de confianza da caciquería



A xente boa e xenerosa quere e admira a Alfonso. Aquí, con Isaac Díaz pardo e con Manuel María.

popular da zona. Alfonso recibe unha entrañable instrucción pastoral en tres palabras, síntese das lúcidas estratexias de acción social e pastoral do Bispo valenciano: *Guitiriz, nin pisalo.*

Pero Alfonso sigue discorrendo pola Chaira



A Alfonso quéreo a xente do pobo pero monseñor Gea Escalano, que é o seu Ordinario *matiza.*

Lumegante de luz coma un espello facendo dos seus días unha longa ofrenda de pan trigo e amizade.⁸

En 1992 un grupo de 50 escritores galegos que o queren e admiran decidiron facerlle unha homenaxe no

seu Guitiriz. Aquel encontro, que fecunda este mesmo discurso de citas e lembranzas, é todo un sinal do moito que Alfonso foi capaz de unir, da cultura de agradecemento, reconciliación e encontro que a súa constancia soubo labrar. Daquel encontro xurdiu o libro colectivo *Pregoeiro da Luz*, que toma o seu título do soneto que Manuel María lle dedicou. Velaí esa pequena marabilla:

Retrato aproximado e apaixonado de Alfonso Blanco Torrado

Alfonso Blanco Torrado, meu amigo,

árbore pondaliana,

transplantada

na Terra Cha longal e ben amada; ¡labarada de fe, vilar de trigo...!

Pregoeiro da luz e da alborada, materia de penedo e de caxigo, modernísima voz en verbo antigo, fogueira de esperanza ilusionada.

El marcounos a rota. E vai diante espaxendo, humilde e silencioso, o seu amor puro, fondo, latexante.

Alfonso exerce o oficio máis fermoso:

jo darse de verdade ó semellante

dun xeito fraternal e xeneroso!

Na Coruña 9 de marzo de 1996

Manuel Regal Ledo.

Daniel López Muñoz

⁶ Miguélez Díaz, Xosé Antón.

⁷ Lucas, 20, 19.

⁸ Campo, Marica.

As adiviñas

Non sabían moitas que digamos meus avós, pero si varias, e sempre vencelladas coa vida cotiá do campo, coa agricultura e coa gandería. Había algunha que a repetían de cote, como esta:

*Dúas torres altas,
dous miradores,
un espantamoscas
e catro andadores.*

Logo viñan as explicacións: as dúas altas torres eran os cornos, os dous miradores os ollos, o espantamoscas o rabo e, antes de que rematasen, xa todos dicíamos que se trataba da vaca o do boi, pois o único xeito de diferencialos era que engadisen despois dos miradores, *catro cichafontes*.

Cousas de inverno

Dende sempre foi o inverno o mellor tempo das adiviñas. E o mesmo cómpre dicir das cantigas, dos contos e dos refráns, aínda que estes últimos ían xurdindo ó estar traballando nas viñas ou noutro labor calquera: *Por Xoán, as nove*

con día dan. Adoitaban dicir sempre no verán cando a campá daba as badaladas das ánimas ás nove da noite, e aínda era día.

As horas pasábanse arredor da lareira -e non gastando moita leña, por ser un ben escaso-. Meus avós contaban que sendo eles nenos na casa nunca podía falta-lo rosario diario, pero logo



Nenos e vellos teñen moito que intercambiar

foise esquencendo este costume. Un dos bisavós, Claudino, -aunque todos lle dicían Sr. Clodino-, esperaba na cociña a que chegasen os fillos cando ían ás mozas, aínda que fose ata as tres da mañá, para que rezasen o rosario antes de se deitar.

Nestas xuntanzas familiares había de todo, pois dalgún xeito

se tiña que mata-lo tempo. As noites de invernia eran longas: cantigas, contos, rosario, e..., antes de ir para a cama, unha cunquiña de caldo ben quente para non ter frío e, -cando a había- un anaquiño de bica da que se fixera para o xantar con algo de compango. Esta bica non é o pastel que agora se puxo de moda, senón unha bola

de fariña milla que non se deixaba levdar e que logo se cocía na lareira, poñéndolle por enriba unha especie de testo chamado *cazolo* (primeiro de barro e xa nos últimos anos de latón). O último que pertenceu á casa de meus avós atópase agora como peza rara no Museo do Pobo Galego, en

Santiago de Compostela. E como líquido, un vasiño de *xoana* morna ó lume (mestura de auga e viño que era a bebida dos pobres no Ribeiro).

Algunhas adiviñas

Nunca adoitaron ser obras moi populares, e de aí que persoas que sabían moitas fosen ben consideradas polos veciños.

Con todo, a mostra de que en Galicia non son tan escasas é o libro de Paco Martín, *¿Que cousa é cousa...?*, publicado en 1985. Chegou a xuntar máis de mil cen, anque algunhas non son máis que pequenas variantes de outras.

Non son moitas das que lembro da miña nenez, pero aínda sei de varias:

*Unha igrexa pequeniña,
moita xente miudiña,
e o sancristán polo medio
revolvendo todo aquilo.*

¿Que será?. Pois o pote do caldo coa garfela ou cullerón dentro.

*Unha señora,
moi aseñorada,
deulle unha risada
e quedou sen nada.*

O ourizo ó regañar e deixar

saí-las castañas. Entón queda baldeiro.

*Úsase para comer
e non é prato
nin culler
¿Que é?*

Pois algo que é imprescindible para todos e sen a que non se podería vivir: a boca.

*Por un carreiriño
moi mal empedrado,
ando e non me mollo
e sempre vou mollado.*

Pois... é o río, aínda que tamén vale dicir regueiro, por moi pequeno que sexa.

Tamén había algunha que, aínda para eles dicía moito, para nós xa non significaba nada, por non se usar ese apeiro ou ferramenta. Tal era o caso da seguinte, referida ó fuso co que os devanceiros facían o fío:

*Verde no monte,
negro na casa
e baila na praza
cunha rapaza.*

Non faltaban tamén algunhas «picantes» ou que o parecían, anque logo resultasen ser do máis inocente:

*Dúas señoritas,
as dúas moi feitas,
agardan detrás da porta
a que llo metan.*

Os malos pensamentos desaparecían no intrè en que alguén daba a resposta: as zocas cando quedan fóra da cociña.

Agora xa son poucas as adiviñas que os avós lles ensinan ós netos, pois o tempo que antes pasaban arredor da lareira, agora «mátano» -nunca mellor dito- diante do televisor.



Día oitavo

Acto de contrición

Temos que vixiar e ter dispostas as nosas alertas, mesmo as mais secretas e escusadas. Os que mandan e nós queren mandados e non persoas. Pra domesticarnos e levarnos ao seu rego manexan estudos, datos, estatísticas e falan da obxectividade da ciencia e da frialdade e exactitude dos números que non son fríos nen exactos. Cada número ten unha vida propia e unha chea de significados distintos. Os números representan o máxico e algunhos chegan a rozar o inefable. Do cero ao infindo cabe a creación enteira.

Renegamos das estatísticas, daseudociencia e da interpretación unívoca dos números como tamén refugamos o si e o non. Entre o si e o non están as variacións, as posibilidades, a imaxinación e o soño. Realidade e soño, soño e realidade son a esencia do humano. E que o sexan sempre. Amén.

Meditación

Un veciño do lugar do Cantón de Abaixo era moi avarento. Sempre tiña nos beizos aquel refrán: «Polo San Xoán, sécalle a raíz ao pan. Polo San Pedro, sécalle a do medio. Pola Santa Isabel apaña a fouciña e vai segar a el». Así que o día da celebración da festa de Nosa Señora Santa Isabel foi facer a súa seitura. Temía que o centeo maduro degraera nos eidos ou que un foguete lle puidera queimar a colleita. Cando ía comezar a sega un pazpallar, que vivía entre o centeo, díxolle moi claramente: «Hoxe é día de festa e está mandado descansar. Deixa a seitura pra mañá». O home coidou que eran aprensións súas, non fixo

caso e púxose a afiar a fouciña. Cando rematou de afiala, dous merlos voaron sobor da súa testa e díxéronlle: «Hoxe é día de festa e está mandado descansar. Deixa a seitura pra mañá». O home non acreditou naquela mensaxe e coidou que un veciño lle quería gastar unha broma pois sempre hai xentiña pra todo. Por fin cando botou mau as



Actual estado da ermida de Santa Isabel

primeiras pallas pra comenar o traballo, tres rolas comenaron a voar en círculo arredor del e a cantarlle moi acompasadamente: «Hoxe é día de festa e está mandado descansar. Deixa a seitura pra mañá». O home, cego diante da luz, dixo pra si: «Esto é cousa de meiguería. Eu non temo a ninguén. En min non hai quen mande. Non señor». E, ao intentar darlle o primeiro lance ao centeo cortou unha das súas pernas, chegándolle a ferida ao oso. Entón, arrepenido, dixo:

«¡Santa Isabel, váleme!» Non ben rematara de dicir estas palabras quedou san de todo e sen rastro nen sinal da cortadura. Reposto do susto baixou deica a ermida axoenllouse diante da imaxe de Nosa Señora Santa Isabel, arrepeniuse de todo corazón, pediu perdón e deixou a fouciña aos pes da divina imaxe onde estivo moitos anos. Deloutro día, cando ía facer a súa seitura, atopou os seus eidos segados e o centeo recollido en medeiros tan ben feitos que nunca se ollaron outros igual. O home ingresou nunha orde relixiosa e rematou os seus días e as súas noites de irmau lego no convento de Os Picos, de Mondoñedo.

Oración

Pedimos, pra nós e prá nosa tribo, que o noso entendemento e a nosa vontade se abran á maxia dos números e das palabras pra que poidamos espresar con xusteza o que cavilamos, sentimos e soñamos, profundando no misterio. E sexamos capaces, na nosa limitación, de comunicar o inefable.

Arreda de nós a pobreza das estatísticas e dos números utilizados como instrumento de domesticación.

Líbranos de tódolos números **un** e déixanos no paraíso do **cero** que, coa súa forma de círculo, é símbolo da vida, do sol e da perfección. Así o pedimos. Amén.

Propósito.- De aquí en diante procuraremos ser sinxelos, puros, xenerosos e auténticos.

Manuel María

Un libro fronteirizo

Cando o autor me comunicou, hai aproximadamente un ano, que quería escribir un comentario ó Credo cristián, animeino con entusiasmo a que culminase o seu proxecto, tarefa nada fácil. Pensei xa daquela, coñecendo a Pepe Chao, que o seu Credo podería ser unha significativa contribución para os que viven informados polo espírito de busca relixiosa e manteñen fresca a súa capacidade vital de aposta.

Pepe Chao realizou un inxente esforzo de reflexión e de interpretación, sempre informado polo propósito constructivo de acadar que os contidos nucleares da fe cristiá poidan resultar cribles e significativos para os homes e mulleres do noso tempo.

Estar abertos ós de fóra, á periferia, non significa caer en interpretacións falsamente compracentes ou reducidas para obter a toda custa relevancia. A verdadeira relevancia, lexítima e necesaria, non debe conseguirse renunciando á identidade e ás esixencias da fe. Como di lucidamente o autor «ningún agnóstico serio me perdoaría que, por lle face-las beiras e intentar presentarlle simpático o universo da fe, eu fixese saldos evanxélicos ou rebaixase as esixencias diante das que se atopa un crente».

Por se-los seus destinatarios os indicados, este libro está escrito para xente que «*estea disposta a asumir unha fe crítica, sometida a proba, personalizada, non feita de submisión inxenua ou preguiceira*». Parece entón claro que non só crédulos, senón en xeral os que *posúan* de forma tranquila e segura

a súa propia formulación da fe, hanse sentir incómodos con este Credo. O autor advírteos con nobreza, recomendando a estes últimos con claridade que renunciem á lectura: «*Por suposto que os que estean seguros na súa fe -é dicir,*



vivan nun mundo de seguranzas, nada teñen que aprender deste libro e si, en cambio, padecerán incomodidade e carraxe. De non seren irremediamente masoquistas ou se non teñen o triste oficio de gasta-la vista coa lupa inquisidora, aconséllolles que aforren sufrimentos e noxos».

Unha obra singular parece reclamar un autor igualmente singular.

Para escribir nos tempos que corren un comentario ó Credo -empresa que xa cualificamos de ardua, delicada e sempre arriscada-, fai falla un autor capaz de combinarlo entusiasmo crente, do que nace

irresistible a paixón de comunicar, con moita sabedoría acumulada, que permita moverse comodamente mesmo en espazos interdisciplinares de extraordinaria complexidade.

Pepe Chao é unha *rara avis*: pese a súa loable intención non académica, coherente co máis querido do seu proxecto, nas súas páxinas hai moito saber rigorosamente académico e da mellor procedencia; xunto a unha excelente preparación teolóxica goza dunha gran formación bíblica (aí está o seu monumental comentario -*Historia do Pobo de Xesús*-, para acreditarlo), historia e mesmo psicolóxica. Todos eses saberes, sabiamente dosificados, perforan practicamente tódalas páxinas do noso Credo.

Aínda máis. Percibín en toda a obra unha notable sensibilidade para incorpora-lo que ó prolonguista lle parece criterio maior de verificación de autenticidade evanxélica: a solidariedade cos máis pobres. E, por suposto, coa súa Terra.

¿Permitídesme unha derradeira consideración? Creo que *Na fronteira do Misterio* merece engrosar esa escuálida lista de publicacións das que convén recomenda-la lectura ós que buscan, ás veces con inquietude non exenta de angustia, unha intelixencia da fe cristiá liberadora que non esixa a renuncia a nada do que verdadeiramente enriquece ó ser humano. Estou convencido de que a súa lectura pode representar unha axuda inapreciable. Se ti mesmo, querido lector ou lectora, liches este libro con esa mesma inquietude, espero que poidas coincidir comigo nesta apreciación.

Julio Lois Fernández

Suso Ferro a Valentín

Amigo Valentín Arias

O eco da túa lectura, que agradezo moito, fíxome pensar que se cadra non me expliquei ben, a pesar de ser tan longo. Comprendo a túa preocupación porque só houbera un 6,2% que falen só galego. Ese 6,2 non é o 6,2% do total dos galegos senón o 6,2% do grupo de galegos que cambiaron de lingua dende a infancia ós 31 anos: fenómeno característico que afecta a un 55,5% da poboación e por diversas razóns, sendo a principal *adaptarse ó medio*. O cambio de lingua habitual coa idade faise en detrimento do monolingüismo; o que

triumfa en Galicia é a actitude de fala-las dúas linguas, con evidente predominio da galega. Isto sorprende a quen afirme que todo bilingüismo é un paso cara á perda da lingua inicial; pero, se iso fose certo, en Galicia estaríanse perdendo as dúas linguas.

Os datos referidos á totalidade de Galicia, son estes: fala só castelán, o 10,6%; máis castelán, o 20,8%; máis galego, o 29,9%; e só galego, o 38,7%.

Un cordial saúdo.

Xesús Ferro Ruibal.

Escribe Manolo Sordo

4/12/95

Querida Carmela: Supoño que recibirías carta, artigo e documentos interesantes sobre a realidade de Guatemala. Tamén posiblemente recibirías un libriño recentemente publicado sobre a violencia nos anos 80, por se vos parecía interesante para a revista. Como no artigo facía eu referencia ó «Acordo sobre identidade e dereitos dos pobos indíxenas» hoxe pasei pola misión das Nacións Unidas en Guatemala e conseguín un exemplar do acordo que pode ser interesante tamén para o voso arquivo.

O luns pasado tivemos unha xuntanza todos.

P.D.

A miña dirección máis habitual será a partir de agora:

Parroquia de Santa María
16012 Camabon (Alta Verapaz)
Guatemala

O que avisa non é treidor

Benqueridos amigos e amigas:

Encontrei estes dous folletos no taboleiro de anuncios da Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, un amigo díxome que tamén os vira na Facultade de Historia.

Como saberedes Unión Lumen Dei (tamén se chaman Fundación Prodein) é unha organización integrista que hai pouco comprou un colexio leigo en Madrid e en poucos días creoulle uns traumas ós rapaces de maneira que tivo que intervir o goberno autónomo e incluso a Diocese recordoulle que para abrir un Colexio relixioso teñen que pedir



colexio leigo en Madrid e en poucos días creoulle uns traumas ós rapaces de maneira que tivo que intervir o goberno autónomo e incluso a Diocese recordoulle que para abrir un Colexio relixioso teñen que pedir

permiso aquí. En fin facede o que poidades ou o que queirades.

permiso á Diocese. Segundo dicía o periodico, alguén do Opus Dei manifestou que esta organización é demasiado conservadora...

Mándovos estes folletos a ver se se pode facer algo para impedi-las súas actividades, teño entendido que nalgunhas dióceses teñen que pedir permiso para poder desenvolver-las súas actividades, non sei se terán o

Un afectuoso saúdo.

Asdo.

Xesús Álvaro Arceo Beiroa.



O Opus Dei escribenos

OFICINA DE INFORMACION
DELEGACION DEL OPUS DEI
EN GALICIA

Avda. de Coimbra, 6 - 1º izq. - 15704 Santiago
Tlf. (981) 58 11 00 - Fax (981) 57 24 78

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 1996

Benquerida Directora:

Despois da lectura do número 470 da súa revista, no que publicaron unha reportaxe sobre o Opus Dei, simplemente quero ofrecerme para que, cando dean algunha información do Opus Dei ou necesiten algún dato, non dubiden en consultar ou contrastar a información con esta oficina, que lles atenderá o mellor posible en espírito de verdadeira fraternidade cristiá. Penso que toda a labor de confirmación e contraste da información, axudarálles a evitar os erros e os tópicos, calumniosos e difamatorios ás veces, nos que podan incurrir ó recoller informacións de terceiros, ou algunhas propias. E isto en beneficio de todos: dos

seus lectores e da mellora da súa credibilidade.

Canto ó artigo referido ó Opus Dei en Galicia, como non está asinado, penso que é responsabilidade da revista: informar que nós cremos na liberdade das persoas



e procuramos respetalas ó máximo. Non temos que ver coas institucións que mencionan, traballen ou non nelas persoas

do Opus Dei: espero que vostedes tampouco teñan problemas para entender a liberdade das xentes e para respetala.

Envío-lle esta carta tras deixar pasar un tempo co gallo de recabar algunha documentación sobre o contido da reportaxe publicado por vostedes -e evitar pola miña banda calqueira ánimo de polémica-. Tamén, para suliñar así a miña actitude de ficar a súa enteira disposición para informar-lles de calqueira cousa ou nova que dexesen en torno ó Opus Dei. Por outro lado, hay que ter en conta que a reportaxe que vostedes publican recolle a información dada no pasado mes de setembro por *Le Monde diplomatique*, sen facer alusión algunha ás cartas de rectificación aparecidas nese mesmo xornal un mes despois -é dicir, bastante antes da publicación de texto da súa revista- e das que envío-lle unha copia.

Quedando a súa disposición, saúda-lle atentamente:

José María Román. Director

Resposta da Redacción

Recibimos esta carta, que agradecemos pola súa corrección; mesmo esa máis dunha ducia de incorreccións gramaticais enténdemolas dentro dun meritorio esforzo de escribirmos na nosa lingua, que non parece corresponder nin ós costumes da Obra nin á extracción social dos seus membros.

A tradución que aquí fixemos da reportaxe de *Le Monde diplomatique* non é froito dun descoído ou má información, senón dunha actitude da nosa revista perante o fenómeno do Opus Dei; Obra á que lle recoñecemos un sitio na Igrexa, pero tamén, dada a súa publicidade e ansia de poder, un lugar no ollo do furacán.

Agradecemos, teoricamente, o ofrecemento de informárennos con vistas a futuros escritos. Renunciamos a este servizo por dous comprensibles motivos: a) o Opus Dei non é unha organización que entre dentro das nosas perspectivas de futuro e, polo mesmo, toda alusión a esta Prelatura será moi ocasional; b) constitúe unha falta de coherencia que lles pidamos ás

institucións que criticamos os seus informes previos, máxime tendo en conta que esta anda moi minguada de autocritica e coñecemos ese sistema de responder con estereotipos adiantándose ás preguntas.

Un exemplo témolo nese clixe co que adoitan responder ás accións individuais dos seus socios, que seica non implican á Obra. Estraña vivisección, se non esquizofrenia, dunha institución que controla lecturas, amizades e pasos dos seus membros. Afirmar que nas institucións onde actúan fano a título particular é algo que non acaba de encaixar no esquema.

A nosa discrepancia co Opus Dei é fonda. Aledámonos de que, trala longa etapa de secretismo, hoxe incen as oficinas de información con que a Obra trata de rebater ós críticos, con respostas que adoitan adiviñarse de antemán. Pero isto non nos dá resposta aínda ó núcleo das nosas reservas: o elitismo da Obra, a procura de poder, o infantilismo no que mantén ós seus membros e a submisión intelectual á

que os obriga. Que moitos cristiáns pusilánimes estean a gusto con estas condicións é algo que agora non imos analizar.

Dóenos moi no fondo a escasa misericordia que a Obra amosa cos que discrepamos dela, pero, sobre todo, con aqueles que foron membros e que chegaron a unha emancipación que confesan terlles sido laboriosa, tanto polas presións antes da saída coma pola posterior campaña da que son vítimas.

Sentimos que á corrección do adxunto escrito respondamos, non cunha negativa ó diálogo, que non é o que está en xogo, senón cun desinterese de seguir pagando tributo literario a esta discrepancia. A Obra é, para nosoutros, un episodio na vida da Igrexa que, certamente, non consideramos dos máis gloriosos. Supoñemos que dende fóra da nosa órbita, este mesmo esgrevio xuízo se lle poderá aplicar a Irimia, con perdón pola comparación, pois a nosa mínima expresión non admite equivalencia. Prometemos encaixa-la crítica, que agradecemos no caso que agora nos ocupa.

Ditos do lume 16

¡Ardeu Troia!

¡Ardeu Troia! é un dos máis famosos e universais ditos do lume. Significa que se produciu un conflito ou axitación grande, como di o Dicionario editado por Xerais. Alude á cidade que, situada no noroeste do que hoxe é Turquía, resistiu dez anos o asedio dos aqueos e dos seus aliados, capitaneados por Aquiles, tal como nos conta Homero. É sabido que houbo episodios humanísimos de amor e odio, que Aquiles combateu corpo a corpo co troiano Héctor, que o matou e deu varias voltas de victoria en volta das murallas, para que os troianos visen o cadáver do seu heroe atado ó carro de Aquiles. Foi aquela unha guerra na que os deuses estiveron divididos, volvendo uns por un bando e outros por outro. Tal e como relata a Eneida de Virxilio, a victoria dos aqueos non foi limpa, porque fixeron coma quen que marchaban á procura de reforzos porque vían que non daban conquerido aquela cidade e deixaron un cabalo grande de madeira (o *cabalo de Troia*) diante das murallas como ofrenda ós deuses para que lles gardasen o sitio. Os troianos saíron pero apareceu Sinón, un gran actor de teatro, que finxiu que o deixaran abandonado por un lío que tivera con Aquiles, e que lles dixo que o cabalo aseguraba o sitio. Entón eles ordenaron de metelo dentro da cidade e, como non collía pola porta, fixeron unha boqueira nos muros e, con el xa dentro, houbo festa rachada.

Cando pola noite os aqueos durmían felices, os mellores soldados aqueos, que estaban agachados dentro do tal cabalo, saíron para fóra e empezaron a prenderlle lume ás casas. Pola esbarroncada feita na muralla entraron tódolos outros aqueos, que non marcharan de vez, senón que foran agacha-los barcos tras da illa de Tenedos, que estaba como están as Sisargas, Sálvora, Ons ou as Cíes, preto da costa. Entre us e outros fixeron certo o dito de ¡Ardeu Troia! A tradición conta que poucos troianos sobreviviron e que un deles, Eneas, veu crea-las bases da futura Roma e que outros chegaron ás nosas costas galegas, porque xa de antes existía a curiosidade por chegar a esta fin do mundo onde había maceiras que daban mazás de ouro e onde a posta do sol desvelaba o sentido da vida. De aí veñen as tradicións de gregos na nosa terra, coma Hércules fundando Lugo e vencendo a Xerión na Coruña (o escudo da Coruña ten a *Torre de Hércules* e debaixo da torre a caveira e os ósos de Xerión) e de aí ven tamén a tradición máis recente de Teucro fundando Pontevedra (esta cidade ten un equipo de balonmán con ese nome). Os romanos tamén quedaron relixiosamente impresionados vendo o solpor na nosa costa. E, se cadra, a peregrinación a Santiago, esa riada milenaria de xente de Europa e Asia a Compostela, é a pervivencia desa vella busca do mítico Occidente. ¿Que pasa cando o sol se pousa no mar último? ¿Morre no mar para sempre ou resucita mañá?

Entre os *Papiros do Medulio* hai uns versos que din

*¿Que hai detrás do misterio da vida?
Non hai resposta mellor có solpor.
Tralo ronsel que deixaba o Sol,
paso a pasiño veu vindo a xente,
crente ou curiosa, chegou a esta terra,
Porta do Mar, par do Niño do Sol.
África, Troia, o Rhin, o Danubio
viñeron mirar se o Sol non morría.
Dorme tranquilo, arróla o mar:
este é o ouro das nosas mazás.*

*"Dorme, non morre" –volveron cantando–
"nós durmiremos, se somos coma el
limpos e xustos, brillantes, audaces.
Nunca pra nós será triste o solpor".*



Uníuse a esquerda nacionalista, por fin;
velai o froito á vista.

1. A xente deulle en chamar *pírrica* a unha victoria da que o que vence sae dela con máis pena do que gloria.
2. Sendo Pirro rei de Epiro, que é unha rexión de Grecia, o homiño foi famoso por máis dunha peripecia.
3. Gobernaba cun rival que se chamou Neoptolemo; deulle veneno a beber para que o levase o demo.
4. Dese xeito ficou só dono daquela Moncloa pero intentou máis fazañas ¡e entón si que a fixo boa!
5. Porque se aliou con outro -o Lisímaco de Tracia-, alianza popular que lle trouxo gran desgracia.
6. Xa sabe todo Arzallus que quen anda en mal trato se descoida o Touciño pode rillarillo algún Rato.
7. Pirro procurou a sorte mais coma home ambicioso arroutado a pel vendeu antes de caza-lo oso.
8. O Pirro quería máis e quentáronlle os Cascos e iso que non había, Felipe, cataláns, vascos.
9. Non durmía cavilando en noites de gran vixilia en conquistar toda Italia e, se cadra, Sicilia.
10. A Xenova non chegou pois inda non era rúa, pero invadiu Italia e a tarefa era crúa.
11. Home de armas tomar cun equipo moi *fragante* escorrenza ós lexionarios con algún que outro elefante.
12. Ó exército de Roma venceuno en Heraclea vertendo máis sangue propio do que o doutros, cousa fea.
13. Queren negociar con Roma pero Pirro non ten cuña que os romanos son moi seus cal Pujol en Cataluña.
14. Negociar con cataláns non vos é doado oficio pois alí manda quen manda e quen manda ¡é un fenicio!
15. E o pobre pírrico Pirro retornou á súa Grecia: morreu triunfando nas urnas tras de tanta peripecia.
16. Que perda quen gaña évos unha pequena desgracia foise xa o señor González, mais falou a democracia.